

Nadal 2022

Refraneiro tradicional do Corgo



**Concello
do Corgo**

Refraneiro tradicional do Corgo

Por *LOIS LADRA*

Os ditos e os refráns nas recollas orais: breves antecedentes historiográficos

A **Literatura Popular de Tradición Oral** componse dunha ampla serie de etnotextos clasificábeis en varios xéneros: contos, lendas, romances, poesías, refráns, adiviñas, oracións... Todos eles conforman un amplo acervo do noso **Patrimonio Cultural Inmaterial**. A **UNESCO** (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura), na súa **Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial**¹, celebrada en París no ano 2003, definiu o Patrimonio Cultural Inmaterial coma o conxunto de «prácticas, representacións, expresións, coñecementos e técnicas (...) que as comunidades (...) recoñecen como parte integrante do seu patrimonio cultural». Entre as referidas «expresións» pódense incluír os refráns, que o dicionario en liña da Real Academia Galega define xenericamente como «frases curtas de forma fixa coas que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia, polo xeral con rima e de sentido figurado»².

1 https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000132540_por [Consultado o 15 de febreiro do 2022].

2 GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.): Dicionario da Real Academia Galega. A Coruña: Real Academia Galega. <https://academia.gal/diccionario> [Consultado o 20 de setembro do 2022].

Semellantes ao refrán, aínda que con pequenos matices que agora non veñen ao conto, serían as unidades fraseolóxicas definidas cos termos «sentenza», «dito», «paremia», «proverbio», «adaxio» ou «máxima». Sexa como for, o certo é que, polo visto, as orixes da palabra «refrán» hai que procuralas na provenzal *refranh*, que se refere a certo verso que se repete ao final dunha serie de estrofas (GONZÁLEZ GARCÍA, 2020: 108). O refrán ou *verbo antigo*, en sentido fraseolóxico e paremiolóxico, xa se documenta como tal na lírica medieval galego-portuguesa dos séculos XII e XIII. Porén, haberá que agardar ata o século XVI para ver editadas as primeiras recollas e recadádivas de refráns, ditos e proverbios populares, co traballo pioneiro do comendador Hernán Núñez (1555), quen colixiu numerosas paremias das diversas linguas peninsulares. A parte correspondente especificamente ao galego foi obxecto dunha edición especial do Consello da Cultura, co seu correspondente estudo introdutorio (López Navia, 1992).

Con posterioridade ao século XVI e ata o día de hoxe, continuaron a realizarse novas compilacións de refráns, moitas delas feitas por persoeiros tan coñecidos coma Rosalía de Castro, Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Vicente Risco, Eladio Rodríguez González, Xesús Taboada Chivite, Fermín Bouza Brei...

Ao longo dos últimos cincuenta anos as principais edicións de estudos e monografías de carácter paremiolóxico que teñen vindo a lume no noso ámbito xeográfico e cultural serían, entre outras, as de Ferro Ruibal (1987), Taboada Chivite (2000), Conde Tarrío (2001), Vázquez Saco (2003), Ventín Durán (2007) e Quintáns Suárez (2009).

Para alén de algunhas recadádivas locais que chegaron mesmo a superar un ou dous milleiros de unidades fraseolóxicas (cfr. ESMORÍS, 1959; RIELO, 1972-75 ou DOMÍNGUEZ, 2011), en termos cuantitativos e para un ámbito xeográfico mais alongadamente galego, sobrancean os valores compilatorios acadados, entre outros, polos autores que figuran recollidos na táboa da páxina seguinte:

Outras moitas achegas paremiolóxicas carecen por desgraza de calquera ordenación alfabética e numeración secuencial correlativa, dificultando así a súa cuantificación exacta e a concisión nas citas das investigacións posteriores (cfr. *inter alia* PALLARES, 1929: 302-304; ALONSO, 1972; ZAMORA, 1972; FREIXEIRO, 1994: 220-273; MONTES, 1996: 99-105; ESTRALOXOS, 2003: 127-326).

	Fonte	Refráns
01	Vázquez Saco, 2003	22.939
02	Rodríguez González, 1958-61	11.363
03	Soto Arias, 2003	4.410
04	Buján Otero et al., 2003	3.875
05	Taboada Chivite, 2000	3.826
06	Quintáns Suárez, 2009	2.896
07	Sesto López, 1976	1.460
08	Risco, 2020	1.457
09	Saco y Arce, 1987	1.050
10	Lorenzo, 1983	1.028

As recollas de refráns no concello do Corgo: antecedentes locais

Unha das primeiras referencias históricas coñecidas para a recadádiva da literatura popular de tradición oral no Corgo podemos atopala na figura do relixioso franciscán **Luís Aldegunde Dorrego** (1896-1959), natural da freguesía de Chamoso. Non faltan autores que referen o feito de que ao longo da súa vida recolleu milleiros de refráns, aínda hoxe inéditos e supostamente depositadas nas instalacións da Real Academia Galega (XIZ, 2007: 44). Malia os nosos esforzos investigadores nesta institución, non fomos quen de atopar entre os seus fondos arquivísticos a referida documentación, totalmente ausente na correspondencia de D. César Vaamonde Lores, que revisamos exhaustivamente. Sexa como for, o certo é que outros investigadores tamén referen a existencia desta colección paremiolóxica, en lugar indeterminado, na posesión dun particular e baixo a denominación xenérica de «refranero gallego recogido de viva voz» (FERRO e VIDAL, 2003: 36), razón pola cal non desbotamos a súa futura localización e máis que desexable edición, pois é lóxico pensar que moitos destes refráns teñan sido recollidos polo autor entre os seus veciños corgueses.

Outra figura historiográfica que non debemos esquecer é a de **Francisco Vázquez Saco** (1897-1962), quen recolleu ao longo da súa vida varios milleiros de unidades fraseolóxicas, especialmente na provincia de

Lugo. A magnífica edición póstuma do seu *corpus* permítenos identificar a colaboración de dous seminaristas corgueses anónimos, respectivamente nas parroquias de San Xoán do Corgo e de San Cristovo de Chamoso, que lle terían facilitado un total de dezaséis refráns, catorce ditos tópicos e unha fórmula de benzón do pan (VÁZQUEZ SACO, 2003; GARROSA GUDE, 2011: 80; LADRA, 2021a: 127).

Xesús Alonso Montero fixo enquisas lingüísticas en diversos concellos lucenses nas décadas de 1950 e 1960. Ao Corgo tan só lle coubo un cuestionario efectuado na parroquia de Franqueán, datado no ano 1967. Nel e nas suas respostas, por desgraza, non figuran refráns. Por outra banda, habería que referir catorce ditados tópicos ou xeográficos que **Camilo José Cela** (1916-2002) recolleu na década de 1970 a través dos funcionarios do servizo de correos para o seu *Diccionario Geográfico Popular Español*, coas súas correspondentes papeletas corguesas, rexistradas na rede, no portal dos ditados tópicos galegos.

Por estas mesmas datas, o **Teleclub de Marei** publica a súa revista anual, coincidindo coa época natalicia. No exemplar correspondente ao inverno 1973-74 figuran menos de unha decena de paremias, recollidas todas xuntas nunha mesma páxina (TELECLUB, 1973). Por outra banda, **Xosé Manuel Castro Castedo** defendeu no ano 1986 a súa tese de licenciatura na USC, baixo o título «O galego en Queizán (O Corgo)» (CASTRO, 1986). Recolleu varios contos e cantigas dun enorme valor, pero non figuraba entre os seus propósitos iniciais o de facer unha recadádiva específica de refráns.

Finalmente, convén non esquecer a **prensa escolar local**, de cote menosprezada pola investigación erudita, aínda que sen dúbida algunha constituía un precioso manancial para o coñecemento real da literatura popular de tradición oral (OUBEIRO, 2011: 84-85). Nas páxinas dos varios xornais e revistas escolares publicados no Corgo contamos con diversas recollas de refráns, que achegan un total de 285 (douscentos oitenta e cinco) rexistros, repartidos da seguinte maneira: *Ecos del Corgo*, 27 (vinte e sete); *Cousas da Escola*, 89 (oitenta e nove); *A Voz da Escola*, 94 (noventa e catro); *Rapilán*, 75 (setenta e cinco). Amáis de refráns, tamén se recolleron contos, lendas, cantigas, adiviñas, fórmulas... (LADRA, 2021b).

E chegamos así aos tempos actuais, nos que se está a implementar e desenvolver o Proxecto CORGORAL, unha tentativa de recolla sistemática do Patrimonio Cultural Inmaterial do concello do Corgo (LADRA, 2021a).

Bases metodolóxicas para a recolla do refraneiro tradicional

Na opinión de reputados paremiólogos, os dous principais problemas aos que se enfrenta calquera compilador de refráns son o da selección do material e o da súa clasificación (O’KANE, 1959: 14). Sendo esta unha realidade incontornábel, o certo é que, para o caso que nos ocupa e non sendo nós académicos nin filólogos profesionais, decidimos optar pola seguinte metodoloxía: en primeiro lugar, consultamos toda a bibliografía édita e inédita que sobre O Corgo nos foi posíbel reunir, extractando logo os refráns e ditados locativos identificados; posteriormente, deseñamos unha ficha de recolla escolar para o CEIP corgués e para o CPI Ramón Piñeiro. Este último traballo foi de carácter voluntario, e contou coa colaboración da dirección e de boa parte do profesorado e do alumnado locais. Na fase final, introducimos nunha base de datos ordenada con criterio cronolóxico e alfabético todos os rexistros, procedendo á súa corrección e á eliminación de duplicidades reiterativas. Decidimos, no entanto, conservar todas as variantes identificadas.

O **cuestionario escolar** foi deseñado por quen isto suscrebe no ámbito do Proxecto CORGORAL e realizado voluntariamente de xeito individual por parte do alumnado do CEIP Plurilingüe «O Corgo» e do CPI «Ramón Piñeiro», ao longo dos meses de Xaneiro, Febreiro e Marzo do ano 2022. Os labores de coordinación destas recollas foron realizados por Consuelo del Pilar López Fernández e María Sandra Rodríguez Álvarez no referido CEIP, así como por Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, no mentado CPI. Entregouse a cada alumno que quixo participar nesta angueira unha folla con diversos campos que recollesen as fórmulas paremiolóxicas e identificasen a orixe xeográfica dos informantes, preservando o dereito dos mesmos á privacidade e ao anonimato.

Así pois, pódese afirmar que o armazón deste refraneiro tradicional do Corgo está firmemente asentado sobre tres piares: unhas poucas achegas bibliográficas, moita prensa escolar e os resultados revisados do cuestionario realizado no curso académico 2021-2022. Puntualmente, tamén foron engadidos outros rexistros derivados da nosa interacción cotiá cos veciños e veciñas do Corgo.

Sobre un primeiro *corpus* de catrocentos cincuenta e oito achegas extraídas da tradición oral local expresada na lingua propia e vernacular das persoas naturais do Corgo, desenvolvéronse os conseguintes traballos

de peneirado, que reduciron este valor ata os **trecentos noventa** refráns que agora presentamos. A estes habería que engadir outros **vinte e seis** ditos tópicos ou refráns xeográficos, co cal o cómputo total de rexistros acadaría nesta recadádiva as **catrocentas dezaséis** unidades paremiolóxicas. Evidentemente, somos conscientes de que haberá aínda moitos máis por recoller e de que os recollidos non son exclusivos do territorio corgués, pero, por outra banda, todos eles teñen en común o feito de que foron documentados neste concello ao longo dos últimos setenta e cinco anos.

Refraneiro tradicional do Corgo

A orde expositiva que de seguido amosamos límitase a seguir un criterio de rixida ordenación alfabética e outro de propositada evitación reiterativa de formas idénticas:

- 001 A auga de febreiro enche o graneiro.
- 002 A boi bravo, corda *larga*.
- 003 A cabra, co vicio, dá cos cornos no cu.
- 004 A can vello todo son pulgas.
- 005 A castaña en agosto quere arder e en setembro quere beber.
- 006 A castaña necesita primeiro arder e despois beber.
- 007 A castaña, en agosto, arder; en setembro, beber.
- 008 A comezos de abril o cuco ten que vir. E se non volveu, prendérono ou morreu.
- 009 A Deus rogando... e co mazo dando.
- 010 A filla mala, diñeiros e casala.
- 011 A flor de xaneiro non chega ao fruteiro.
- 012 A mellor festa ten que lucir un gaitero, que habendo gaita e mociñas non se precisa diñeiro.
- 013 A moza trouleira, súa nai á beira.
- 014 A muller e a gaivota, canto mais vella mais tola.
- 015 A muller e a ovella, con día na cortella.
- 016 A muller e a sardiña: máis pequena, máis riquiña.

- 017 A muller e a *sartén* na cociña están ben.
- 018 A muller que non come co home na mesa, ou xa comeu, ou algo garda para si na artesa.
- 019 A muller que se queixa fai ben, *si* el lle deixa.
- 020 A muller ri cando pode e chora cando quere.
- 021 A novo rei, nova lei.
- 022 A pascua coas túas mulleres e o entroido por onde puideres.
- 023 A primavera o sangue altera.
- 024 A primavera, que cante ou que chore, nunca ven sen flores.
- 025 A que no alto fía, o fuso lle cai *i-o* cu *ll'asubría*.
- 026 A que non ten doncela *sírvese* ela.
- 027 A quen Deus non lle dá fillos, o demo lle dá sobriños.
- 028 A quen madruga Deus o axuda.
- 029 A río revolto, ganancia de pescadores.
- 030 A todo porquiño lle chega o seu San Martiño.
- 031 A últimos de novembro colle a túa oliva.
- 032 A *verdá* é coxa, pero chega.
- 033 A viña ao pé do camiño ten mal veciño.
- 034 A viña do ruín pódase en abril.
- 035 Abril *abriluco*: o mes do cuco.
- 036 Abril e maio son as chaves do ano.
- 037 Abril saca a espiga a relucir.
- 038 Abril trae as flores e maio leva os amores.
- 039 Abril, augas mil.
- 040 Abriles e señores: os mais traidores!
- 041 Aire de Sarria: ou moito ou nada.
- 042 Aire *zamora*, auga na *mao*.
- 043 Amigo Estevo, amigo Antón, pero máis amigo: a razón.
- 044 Amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale.

- 045 Ano de herba, ano de merda.
- 046 Ano de neves, ano de bens.
- 047 Antes de comer galiña hai que comer sardiña.
- 048 Ao bo amigo non lle gardes segredo, que te expós a perdelo.
- 049 Ao outono chegar, porco cebar.
- 050 Ao que lle proia... que rañe!
- 051 Aos tres anos: ti-ti, aos seis: can-can *i-aos* nove: laián.
- 052 Ares ben, ares mal: ara *dreito* e sempre igual.
- 053 As bromas do carnaval non as debes tomar a mal.
- 054 As medias *sólo* son boas para as pernas cando *fai* frío.
- 055 As nabizas *piden* unto e os grelos lacón ao punto.
- 056 Ata o *cuarenta* de maio aínda a vella queima o tallo.
- 057 Ata o *cuarenta* de maio non quites o saio.
- 058 Ata o San Martiño pinga o ramalliño.
- 059 Auga corrente non mata a xente.
- 060 Auga de abril, enche o carro e o carril.
- 061 Auga en maio, pan *pra* todo o ano.
- 062 Auga parada non move muíños.
- 063 Auga que non bebas, déixaa correr.
- 064 Ave de pico non pon ao amo rico.
- 065 Ben gardado está o que *Dios* garda.
- 066 Boa roupa e boa vila fan á vella garrida.
- 067 Bon tempo en xuño, *vrao* seguro.
- 068 Bos amigos e bos abriles, un entre miles.
- 069 Busca agulla *pra* levar na falchoca e tres ou catro *pra* coser a boca.
- 070 Busca herdeiro onde xee e neve en febreiro.
- 071 Cada día come unha mazá e terás vida sa.
- 072 Cada pobo ten o que merece.
- 073 Can ladrador, pouco mordedor.

- 074 Cando a mazá madura xa pinta a uva.
- 075 Cando a mora madura xa pinta a uva.
- 076 Cando a pega gacea cara á esquerda é mal augurio.
- 077 Cando a pega voa arredor dunha casa e picotea nos cristais pode haber *difunto*.
- 078 Cando as ras cantan e o moucho mouchea, nin neva nin xea.
- 079 Cando chega o cuco logo ven o gran ao suco.
- 080 Cando chega o cuco ven o pan ao suco.
- 081 Cando chove e *fai* frío, sae o arco do xudío.
- 082 Cando chove e *fai* sol sae o arco do Señor.
- 083 Cando chove e queima o sol, anda o demo por Ferrol.
- 084 Cando chove, o río sobe.
- 085 Cando dá o pai, ri o pai e ri o fillo e cando dá o fillo, chora o pai e chora o fillo.
- 086 Cando en decembro vexas nevar, o graneiro e o palleiro tes que agrandar.
- 087 Cando en marzo *maiea*, en maio *marcea*.
- 088 Cando marzo ven quente trae o demo no dente.
- 089 Cando o ano entre en domingo, vende os boiciños e merca milliño.
- 090 Cando o cuco canta a primavera avanza.
- 091 Cando o galo pica á pita, aínda, aínda. Cando a pita pica ao galo, malo, malo.
- 092 Cando o gato non está, o rato fai a festa.
- 093 Cando o moucho mouchea, nin chove nin xea.
- 094 Cando o río *sona*, auga leva.
- 095 Cando oias á rula rular e ao cuco cucar, colle o teu sachiño e vai sementar.
- 096 Cando te *casache*, mal negocio *arranxache*.
- 097 Carro untado, mula menos.
- 098 Castaña que está no camiño é do veciño.

-
- 099 Cazador e *truiteiro*: nin boa meda nin bo palleiro.
- 100 Ceo empedrado, aos poucos días chan mollado.
- 101 Chove, chove... na casa do pobre!
- 102 Comer e rascar, todo é empezar.
- 103 Con chorar non se adianta nada.
- 104 Con peras, viño bebas. E con mazás, viño beberás.
- 105 Costa abaixo todos os santos axudan.
- 106 Costureira sen dedal: cose pouco e cose mal.
- 107 Da muller e do mar non se hai que fiar.
- 108 Das aves que baixan o rabo, a peor é o xarro.
- 109 Das aves que erguen o rabo, a peor é o xarro.
- 110 De amores, o primeiro; de lúas, a de xaneiro.
- 111 De tal pan, tales sopas.
- 112 Decembro é o mes do ano máis ancián.
- 113 Decembro, xaneiro e febreiro: nunca se acaba o inverno!
- 114 Dende que vén o cuco, vén o pan ao suco.
- 115 Despois do San Martiño, deixa a auga e bebe o viño.
- 116 Di a cazola: no entroido, facer o cocido, queimarse por cocelo e despois... nin probalo nin comelo!
- 117 Día de entroido, día de pascua: cada larpeiro na súa casa.
- 118 Día de entroido e día de pascua: cada larpeiro para a súa casa.
- 119 Día de San Xoán, sécalle unha raíz ao pan. Día de San Pedro, sécalle a do medio. Día de Santa Isabel, seca todo el.
- 120 Días bos en febreiro sonche *ladrós* do quinteiro.
- 121 Días de chuva e vento: non saias que perdes o tempo.
- 122 Días de decembro, días de amargura; apenas amence, xa é noite escura.
- 123 Días de maio, días de amargura: aínda ben non mence, xa é noite escura.
- 124 *Dichoso* o mes que entra con Santos e despídese con *San Andrés*.

- 125 *Dispois* de San Martiño, deixa a *i-auga* e bebe o viño.
- 126 Ditos de vella arrincan as pedras.
- 127 Duas fillas e unha nai son tres demos para un pai.
- 128 En abril augas mil.
- 129 En abril augas mil, *coladas* por un mandil.
- 130 En abril augas mil. Enchen o carro e o carril.
- 131 En abril augas mil. Todas caben nun barril.
- 132 En abril e maio aínda a vella queima o tallo.
- 133 En abril o salmón para min; no maio *pró* criado e no San Xoán *pró* can.
- 134 En abril sae o cuco do cubil.
- 135 En agosto faise o entrecosto.
- 136 En agosto o aire non ten posto.
- 137 En agosto secan os montes e en setembro arden os fentos.
- 138 En decembro, dente con dente.
- 139 En febreiro a neve cómea a galiña.
- 140 En febreiro sete lobos ao carneiro.
- 141 En maio aínda a vella queima o escano.
- 142 En maio aínda a vella queima o tallo.
- 143 En maio non te quites o saio e se volve a chover, vólveo poñer por non aterecer.
- 144 En martes nin capes, nin rapas, nin te embarques, nin a túa filla cases.
- 145 En marzo, espigas catro; en abril, espigas mil; en maio, todo espigado.
- 146 En marzo o catavento, nin dúas horas quieto.
- 147 En marzo podar e cavar, se queres colleitar.
- 148 En novembro, se teño, sembro.
- 149 En ovellas e en abellas nunca metas o que teñas.
- 150 En San Xoán a auga quita o viño e non dá pan.
- 151 En Santa María, unha hora medra o día; en san *Blas*, un paso nada máis; en san Antón, un paso de *ratón*.

-
- 152 En setembro, ou secan as fontes, ou a auga leva as pontes.
- 153 En xaneiro e febreiro, capa, bufanda... e tamén sombreiro!
- 154 En xaneiro mete obreiro: antes de sebe, que non de parede, e non polo día, senón pola pedra, que esta fría.
- 155 En xaneiro o lobo *sale* ao carreiro.
- 156 En xaneiro, reuma; en marzo, catarro, e en maio, outra vez *sano*.
- 157 En xaneiro, *súbete* ao outeiro: *si* ves reverdear, ponte a chorar; *si* ves terrear, ponte a cantar.
- 158 Entre marzo e abril o cuco ten que vir.
- 159 Entre marzo e abril sae o cuco do cubil.
- 160 Entre marzo e abril sae o cuco do cubil, pois coa neve non *quer* vir.
- 161 Entre marzo e abril, *sale* o cuco do cubil: se o día sete non *saliu*, cuco morto ou non quere vir.
- 162 Entre pais e fillos non metas os fuciños.
- 163 Entroido larafuzán: comíchesme a carne e deixáchesme o pan.
- 164 Envexa non teñas do campo do veciño: antes fai o que el fai e atoparás o camiño.
- 165 Fai mais quen quere ca quen pode.
- 166 Fame que espera fortuna non é fame ningunha.
- 167 Febreiriño curto, cos seus vinteoito. Se tivera máis catro, non deixaba can nin gato.
- 168 Febreiro camiseiro: nin boa meda nin bo palleiro.
- 169 Febreiro correndo e os cordeiros nacendo.
- 170 Febreiro *febreirín*: o máis curto e o máis ruín.
- 171 Febreiro, febreiriño, cos teus vinteoito días! Se tiveras máis catro non quedaba can nin gato.
- 172 Febreiro quente trae o demo no ventre.
- 173 Fillo de filla vai para riba, fillo de nora vai para fora.
- 174 Fillo mimado, fillo malcriado.
- 175 Garda pan para maio e leña para todo o ano.

- 176 Gato escaldado da auga fría foxe.
- 177 Home coxo e can rabelo, desconfía deles coma do demo.
- 178 Home lumeiro, nin palla nin palleiro.
- 179 Home tramposo e muller mentireira, na *cas* de quen os queira.
- 180 Hórreo no camiño alegre ao *peregrino*.
- 181 Líbrame das augas mansas, que das bravas xa me libro eu.
- 182 Lúa nova con treboada, trinta días á mollada.
- 183 Maceira na horta, rapaces á porta.
- 184 Maio fai o trigo e agosto fai o viño. E o trigo e máis o viño fan ao mociño.
- 185 Maio florido e fermoso, xuño chuvioso.
- 186 Maio regalado: nin moi seco nin moi mollado.
- 187 Mais sabe o demo por vello que por demo.
- 188 Máis vale paxaro na man que cento voando.
- 189 Mais vale pouco e ben *gañado* que moito e mal logrado.
- 190 Mal lle vai ao raposo cando anda aos ovos.
- 191 Marzo espigarzo.
- 192 Marzo marzán, cara de can.
- 193 Marzo marzán, cara de rosa pola mañán; pola noite, cara de can.
- 194 Marzo marzán: pola mañán cara de rosa e pola tarde cara de can.
- 195 Marzo *marzolas*: treboadas e raiolas.
- 196 Marzo ventoso e abril chuvioso fan a maio florido e fermoso.
- 197 Mata o porquiño polo San Martiño para poder beber o viño.
- 198 *Millor* é a moza de criar que de casar.
- 199 Miña casiña, mau lar: *eiquí* cago *i-elí* non podía cagar.
- 200 Miras o que bebo e non a sede que teño.
- 201 Moita flor en primavera, bo outono nos espera.
- 202 Moitos son os amigos, poucos os escollidos.
- 203 Morra o gato e morra farto.
- 204 Moza con vello casada, como vella hai que tratala.

-
- 205 Muller doente, muller *pra* sempre.
- 206 Muller e forno, con unha hai dabondo.
- 207 Muller larmieira: ou puta ou meiga.
- 208 Mulleres coma fornos: en cada casa unha!
- 209 Na casa da muller rica, o home cala e ela repica.
- 210 Na casa do ferreiro, coitelo de pau.
- 211 Na terra dos lobos hai que ouvear coma todos.
- 212 Negra é a *pimenta* e cómena os fidalgos; branca é a neve e trípana os cabalos.
- 213 Neve febreiriña cómea a galiña.
- 214 Nin de risa nin de veras, nunca te sentes nas pedras.
- 215 Nin maio sen flores, nin nena sen amores.
- 216 Nin muller de Chamoso, nin besta de Arroxo.
- 217 Nin ola sen touciño, nin xantar sen viño.
- 218 Nin sirvas a quen serviu nin pidas a quen pediu.
- 219 Nin todos os martes son martes de entroido, nin todos os días son días de entroido.
- 220 Ninguén que beba viño chame borracho ao seu veciño.
- 221 No ano que moito chove, o labrego traballa máis que come.
- 222 No día de defuntos, memoria e frío van xuntos.
- 223 No mes de outono a carne come o seu dono.
- 224 No mes de outono prende todo.
- 225 No mes de xaneiro, pes ao braseiro.
- 226 No mes de xaneiro, sobe ao outeiro: se ves verdexar, bótate a chorar e se ves negrexar, bótate a cantar.
- 227 No mes dos mortos mata os teus porcos.
- 228 No mes morto non cases a filla nin plantes o horto.
- 229 Non deixes para mañá o que poidas facer hoxe.
- 230 Non é bo mosto o que se molla en agosto.
- 231 Non é o *mismo* falar da *gherra* como ir a ela.

- 232 Non hai luar coma o de xaneiro, nin amor coma o primeiro.
- 233 Non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe.
- 234 Non hai refrán vello que non sexa verdadeiro.
- 235 Non hai tolo sen idea.
- 236 Non mires o que bebo, senón a sede que teño.
- 237 Non o digo, porque se o digo, sábese.
- 238 Non saias da casa ao luar, que non sabes con quen te podes topar.
- 239 Non se pode poñer o carro á fronte dos bois.
- 240 Non temos para pan e compramos un can.
- 241 Non van ser as ás mais negras có corvo!
- 242 Novembro chuvia, decembro neveiro.
- 243 Nunca choveu que non escampara.
- 244 Nunca choveu que non espallare.
- 245 Nunca digas desta auga non beberei.
- 246 O crego: cen onzas d'ouro no bolsillo, cen *botós* na petrina e cen leguas lonxe da familia.
- 247 O cuco en abril xa sae do cubil.
- 248 O entroido ao tizón, a pascua ao sol.
- 249 O ferreiro bon fai ao afiador bon e o afiador bon tamén fai ao ferreiro bon.
- 250 O home debe ulir a pólvora, tabaco *i-augardente*.
- 251 O home propón, Deus dispón e a muller todo o descompón.
- 252 O millo mesto, no cesto; o millo basto, no canastro.
- 253 O Miño leva a fama e o Sil dálle a auga.
- 254 O neno e o can, segundo fan.
- 255 O que a boa árbore se arrima, boa sombra o mima.
- 256 O que chega tarde nin oe misa nin come carne.
- 257 O que come caldo *sin grasa*, come pan *sin tasa*.
- 258 O que come e fala, algo lle falta.

-
- 259 O que come papas e calza *abarcas*, que non vaia moi *lexos* das casas.
- 260 O que con nenos se deita, cagado se levanta.
- 261 O que con viño se deita, con gana de auga se levanta.
- 262 O que de mozo non traballa, de vello dorme na palla.
- 263 O que de saco chega a mantel, non hai quen poida con el.
- 264 O que de servilleta chega a mantel, non hai quen poida con el.
- 265 O que garda sempre ten.
- 266 O que *lexos* vai casar, tacha leva ou vai buscar.
- 267 O que non come por xa ter comido non ten mal de perigo.
- 268 O que non mata un porquiño non ten lacón nin touciño.
- 269 O que non ten que facer compra unha burra e vólvea a vender.
- 270 O que *pra* pobre está enxuciado, o mesmo lle tén correr que estar sentado.
- 271 O que queira empobreecer, leña verde ao lume ten que meter.
- 272 O que ri último ri mellor.
- 273 O que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón.
- 274 O que se promete con viño, esquécese polo camiño.
- 275 O que sementa antes de Santa *Catalina*: moita palla e pouca fariña.
- 276 O sol de abril mata o cocho no cubil.
- 277 O sol de marzo mete a dama no pazo.
- 278 O sol de marzo peta como un mazo.
- 279 O sol *mañaneiro* mete o can no palleiro.
- 280 O teu saber é o teu valer.
- 281 O traballo dos rapaces é pouco, mais quen o perde é louco.
- 282 O viño das peras nin o tires nin o bebas, nin ao teu amigo o deas.
- 283 Ollos que non ven, corazón que non sente.
- 284 Onde moitos cospen, lama fan.
- 285 Outono chegar, porco cebar.
- 286 Outono quente, inverno doente.

- 287 Outono severo, ventoso inverno.
- 288 Outra vaca no millo!
- 289 Outubro viñateiro, pai do bo xaneiro.
- 290 Ovella que berra, bocado que perde.
- 291 Pan de requexo, gárdao ben que aquí cho deixo.
- 292 Para coller peixes hai que mollar o cu.
- 293 Parentes de mesa e mantel, na sua casa están ben.
- 294 Patadas de burro non chegan ao ceo.
- 295 Pescador e troiteiro, nin meda nin palleiro.
- 296 *Probes* homes os que *creen* que teñen o rabo de palla.
- 297 *Probes* homes os que fan do que dirán a norma da sua *concencia*.
- 298 Pobreza e ledicia non dormen nun cocheo.
- 299 Pola Santa Lucía hai máis noite que día.
- 300 Polo abril só poda o labrego ruín.
- 301 Polo outoniño come o porco o seu doniño.
- 302 Polo pan baila o can.
- 303 Polo san Antón a pita pon.
- 304 Polo san *Blas* verás as cegoñas voar; e se non as *viras* é que o ano será de moitas neves frías.
- 305 Polo San Brais hora e media mais.
- 306 Polo San Martiño a vella mata o seu porquiño.
- 307 Polo San Martiño bebe o viño co teu magostiño.
- 308 Polo San Martiño colle o carro e vai ao muíño.
- 309 Polo San Martiño colle o nabo grande e deixa o pequeniño.
- 310 Polo San Martiño come o magosto e deixa o touciño.
- 311 Polo San Martiño deixa a auga e bebe o viño.
- 312 Polo San Martiño mata o teu porquiño.
- 313 Polo San Martiño sementa o aliño.
- 314 Polo San Xoán a sardiña molla o pan.

-
- 315 Polo San Xoán as dez con día dan.
- 316 Polo San Xoán tanto queixo coma pan.
- 317 Por Maio aínda a vella queima o tallo.
- 318 Por San Brais a cegoña verás.
- 319 Por Santa Lucía *mengua* a noite e medra o día.
- 320 Por Santos neva nos campos.
- 321 Por todos os santos neve nos campos.
- 322 Pouco importa madrugar se non hai gana de traballar.
- 323 Predícame Pedro, predícame frade: por unha orella me entra e por outra me sae.
- 324 Que choren, que deixen de chorar, a metade do inverno está por pasar.
- 325 Que chova en abril e maio, aínda que non chova en todo o ano.
- 326 Que chova en maio, aínda que non chova en todo o ano.
- 327 Que o fin do mundo te pille sachando!
- 328 Quen calar non sabe, falar non debe.
- 329 Quen comenta, inventa.
- 330 Quen con lobos anda, a ouvear aprende.
- 331 Quen de novo baila ben, de vello aínda se mantén.
- 332 Quen perde a noite perde o día por andar de *romería*.
- 333 Quen se deita cos *cas* érguese con pulgas.
- 334 Quen ten cu, ten medo.
- 335 Quen ten tres e gasta catro escusa de saco.
- 336 Quen todo o quere todo o perde.
- 337 Rapaz que ao *servicio* vai, perde o mimo da sua nai.
- 338 *Sale* mais cara a salsa que o peixe.
- 339 San Antonio lacoeiro, o 17 de xaneiro e a súa festa lle fan o trece de san Xoán.
- 340 San Isidro labrador, quita a auga e trae o sol.
- 341 San Marcos rei dos charcos.

- 342 San Miguel das uvas maduras, que pouco duras!
- 343 San Miguel das uvas maduras: que tarde ves e que pouco duras!
- 344 San Miguel das uvas: tarde vés e pouco duras!
- 345 San Xoán quita o pan.
- 346 Se a nai é *folgazana*, a filla será *larchana*.
- 347 Se a noite de Nadal *fai* de luar, labra ben para sementar. Se fai escuro, sementa no terrón duro.
- 348 Se a pita pica ao galo, malo, malo. Se o galo á galiña, aínda, aínda.
- 349 Se as candelas choran, inverno fora; se as candelas rin, inverno por vir.
- 350 Se che morde un alacrán bebe viño e come pan, que mañá te enterrarán.
- 351 Se che pica un alacrán bebe viño e come pan, que mañá te enterrarán.
- 352 Se en marzo canta a rá, en maio xa calará.
- 353 Se *fai* vento por san Matías, *fai* vento corenta días.
- 354 Se marzo non está rematado, non fales mal do teu sementado: espera a rematalo.
- 355 Se moito as gabas e regalas, ás tuas fillas volveralas malas.
- 356 Se non matas un porquiño, non tes nin chourizo nin touciño.
- 357 Se non viches o cuco a mediados de abril, ou morreu o cuco ou vai vir a fin.
- 358 Se non viches o cuco a mediados de abril, ou morreu ou quere vir o fin.
- 359 Se queres facer un bo entrecosto, tes que facelo no mes de agosto.
- 360 Se queres ter bo alleiro, bota os allos en xaneiro.
- 361 Se te morde unha *dunicela*, busca camisa para a terra.
- 362 Se te morde unha *dunicela*, busca viño e busca vela, que mañá che darán terra.
- 363 Se te roe un alacrán toma viño e toma pan, que mañá te enterrarán.
- 364 Se te roe un alacrán, busca a cera e mais o pan. E se te roe a adelouciña, búscalos aínda máis axiña.

- 365 Se tempo non vén, sazón non pasa.
- 366 Sementa os allos en xaneiro para ter o teu diñeiro.
- 367 Sentidiño! ...que cabeza ten calquera!
- 368 Ser home de ben non fai mal a ninguén.
- 369 Sol de marzo, sol de marzo: quen non estirou a pata, estira o brazo.
- 370 Sol madrugador, cura *callejero* e aldeán moi cortés: pódenlle dar por saco aos tres.
- 371 Tanto ten Xan coma Perillán.
- 372 Tanto ten Xan como Piricán.
- 373 Tantos días para o cuco de cucar, tantos días paran os segadores de segar.
- 374 Ten o inverno por pasado se ves o febreiriño enchoupado.
- 375 Tendo saúde e pesetas, o demais son puñetas.
- 376 Terás moita sorte se *Dios* cha dá e morrerás de vello se chegas alá.
- 377 Tralo traballo ven o diñeiro e o descanso.
- 378 Un cura condenarse e un *ciruxano* morrer: dúas cousas malas de crer.
- 379 Unha boa capa todo o tapa.
- 380 Unha cousa é predicar e outra dar trigo.
- 381 Unha mazá podre acaba coas compañeiras.
- 382 Unha mosca non fai *vrao*.
- 383 Viñas e amores: os vellos son os mellores.
- 384 Viño chispeiro non necesita pregoeiro.
- 385 *Viuda* rica: con un ollo chora e con outro repenica.
- 386 Xaneiro que non enche regueiro non é *cosecheiro*.
- 387 Xaneiro, alteiro.
- 388 Xaneiro, frío ou *templado*, pásao arroupado.
- 389 Xente nova e leña verde, todo é fume.
- 390 Xente nova e leña verde, todo se volve fume.

Amais destes case que catrocentos ditos populares recollidos no concello do Corgo, cómpre engadir uns cantos ditos tópicos ou refráns xeográficos, que tamén se documentaron nestas terras e que presentamos na seguinte listaxe, complementaria da anterior:

- 391 001 Os de Adai, *garruchos*.
- 392 002 Os de Anseán, *anseños*.
- 393 003 Os de Beleigán, *cereixeiros*.
- 394 004 Os de Bocamaos, *fabeiros*.
- 395 005 Os de Coto, *cotiños*.
- 396 006 Os de Cubelo, *zorros*.
- 397 007 Os de Franqueán, *chavelleiros*.
- 398 008 Os de Franqueán, *franqueses*.
- 399 009 Os de Goián, *coceiros*.
- 400 010 Os de Grallás, *guímaros*.
- 401 011 Os de Lapío, *lagartos*.
- 402 012 Os de Laxosa, *laxosáns*.
- 403 013 Os de Laxosa, *laxosenses*.
- 404 014 Os de Lestedo, os *marelos*.
- 405 015 Os de Ligonde, *ranchos*.
- 406 016 Os de Maceda, *fabeiros*.
- 407 017 Os de Manán, *coellos*.
- 408 018 Os de Pedrafita, *pederreños*.
- 409 019 Os de Recimil, *cucos*.
- 410 020 Os de Saa, *cureños*.
- 411 021 Os de San Cristovo, *chamosiños*.
- 412 022 Os de *San Andrés*, cunha pasada botan tres.
- 413 023 Os de Vila Chá, *chapetos*.
- 414 024 Os de Vilapedre, *coellos*.
- 415 025 Os de Vilaquinte, *facos*.
- 416 026 Os de Vilar de Donas, *lobos*.

A xeito de remate

Neste traballo publicamos os refráns até hoxe recompilados no concello do Corgo. Trátase dun valioso patrimonio inmaterial que, a partir de agora, poderá ser utilizado como ferramenta para poder garantir a súa salvagarda e transmisión, evitando así calquera eventual perda ou desaparición.

O mesmo que se verificou noutros traballos anteriores (ESMORÍS, 1959: 108; GONZÁLEZ GARCÍA, 2020: 76), no caso deste refraneiro atopámonos con unha progresiva desaparición da competencia paremiolóxica entre as novas xeracións, así como con unha marcada castelanización dos ditados de uso máis frecuente. No relativo a este último asunto, tamén debemos indicar que certos refráns que nunha primeira ollada nos pareceron ser meras traducións directas do castelán (p. ex. «ano de neves, ano de bens»), tamén se rexistran con expresións análogas en portugués (HOYOS, 1955: 152), razón pola cal decidimos mantelos na nosa escolma corguesa.

Agardamos que as achegas á Literatura Popular de Tradición Oral e ao Patrimonio Cultural Inmaterial que supón a implementación do Proxecto CORGORAL fagan máis doada a documentación destas formas a través de recadávivas que nos permitan apreciar mellor aquilo que a experiencia e os coñecementos dos nosos maiores nos legaron: o maior tesouro do noso pobo.

Bibliografía

- ALONSO MONTERO, X. (1972): *Refrás da nosa xente*. Lugo: Celta.
- BUJÁN OTERO, P. et al. (2003): «Refraneiro do Seminario de Santiago (1947-1958)». *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4: 173-343.
- CASTRO, X. M. (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*. Compostela: Facultade de Filoloxía da USC [tese de licenciatura inédita].
- CONDE TARRÍO, G. (2001): *Diccionario de refráns*. Correspondencias en castelán e francés. Vigo: Galaxia.
- DOMÍNGUEZ RIAL, E. (2011): «Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)». *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 13: 301-404.
- ESMORÍS RECAMÁN, F. (1959): «Refranero fisterrán». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 14 (42): 107-129.

- ESTRALOXOS, A. X. (2003): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra*. Pantón: Concello - Deputación - Xunta de Galicia.
- FERRO RUIBAL, X. (1987): *Refraneiro galego básico*. Vigo: Galaxia, Col. «Biblioteca Básica da Cultura Galega», 16.
- FERRO RUIBAL, X. e VIDAL CASTIÑEIRA, A. (2003): «Notas para unha bibliografía paremiolóxica galega». *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 4: 35-58.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (1994): *Antonio Noriega Varela. Estudo e edición da obra completa*. 2 volumes. Lugo: Deputación.
- GARROSA GUDE, J. L. (2000): «Aproximación a algunhas crenzas da parroquia de Franqueán (O Corgo - Lugo)». *Madrygal*, 3: 51-57.
- GARROSA GUDE, J. L. (2011): «O traballo compilador de Francisco Vázquez Saco: as oracións de elaboración do pan e outras tradicións orais do Corgo». *Corga*, 2: 66-81.
- GONZÁLEZ GARCÍA, L. (2020): «Como ensinar a lingua e a literatura galega a través dos refráns». *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, 22: 69-116.
- HOYOS SANCHO, N. de (1955): «Refranes agrícolas, portugueses y españoles». *Douro-Litoral*, sexta série, 7-8: 152-155.
- LADRA, L. (2021a): «O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Popular de Tradición Oral no Corgo». *Lvcensia*, 62: 119-130.
- LADRA, L. (2021b): «O Proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular no Corgo». *Corga*, 8: 22-31.
- LADRA, L. (2022): «Adiviñanceiro tradicional do Corgo». *Lvcensia*, 64: 9-31.
- LÓPEZ NAVIA, A. (1992): *O repertorio galego dos 'refranes o proverbios' en romance do Comendador Hernán Núñez (1555)*. Compostela: Consello da Cultura.
- LORENZO, X. (1983): *Refraneiro galego*. Vigo: Edicións Castrelos, Col. «O Moucho», 63.
- MONTES LÓPEZ, M. (1997): *Aproximación ao léxico do Val de Láncara*. Lugo: Deputación.
- OUTEIRO, M. (2011): «Recollida do patrimonio inmaterial no Corgo: unha materia pendente». *Corga*, 2: 82-95.
- PALLARES, M.-R. (1990) [Ca. 1929]: *Vocabulario do concello de Paradela (Lugo)*. Lugo: Deputación.
- QUINTÁNS SUÁREZ, M. (2009): *O noso refraneiro. Estudo e clasificación temática*. 2 vols. Compostela: Sotelo Blanco.
- RIELO, N. (1972-75): «Refraneiro popular de Carballedo». *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 28: 145-156; 29: 131-153; 30: 429-452 e 31: 111-135.

- RISCO, V. (2020): *A colección fraseolóxica de Vicente Risco*. Edición e estudo de X. M^a Gómez Clemente. Allariz: Fundación Vicente Risco - Museo do Pobo Galego.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia.
- SACO, J. A. (1987) [Ca. 1881]: *Literatura popular de Galicia*. Edición de J. L. Saco Cid. Ourense: Deputación.
- SESTO LÓPEZ, X. (1976): *Refraneiro da muller*. Vigo: Castrelos, Col. «O Moucho», 49.
- SOTO ARIAS, M^a R. (2003): *Achegas a un diccionario de refráns* [Cadernos de Fraseoloxía Galega, 3]. Compostela: Xunta de Galicia.
- TABOADA CHIVITE, X. (2000) [Ca. 1976]: *Refraneiro galego*. Obra póstuma editada por X. Ferro, I. Valiño e M. Veiga. [Cadernos de Fraseoloxía Galega, 2]. Compostela: CRPIH - Xunta de Galicia.
- TELECLUB (1973): *Revista del Teleclub de Marey*.
- VÁZQUEZ SACO, F. (2003) [Ca. 1955]: *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Compostela: Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades.
- VENTÍN DURÁN, J. A. (2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. Anexo 1 de «Cadernos de Fraseoloxía Galega». Compostela: CRPIH - Xunta de Galicia.
- XIZ, X. (2007): *O Corgo, amplo horizonte*. Corgo: Concello.
- ZAMORA MOSQUERA, F. (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Vigo: Galaxia.



Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL

- 1- O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Galega de Tradición Oral no Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 62. 2021.
- 2- O Proxecto CORGORAL. Documentar o Patrimonio Cultural Inmaterial en tempos de pandemia. IV Congreso Galego de Antropoloxía. 2021.
- 3- Orixe e significados dos nomes de lugar das parroquias e lugares. Toponimia do Concello do Corgo. Reimp. *Lvcensia*, n.º 34. 2021.
- 4- O Proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular de Tradición Oral no Corgo. *Corga*, n.º 8. 2021.
- 5- O Proxecto CORGORAL e o adiviñanceiro tradicional do Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 64. 2022.
- 6- Refraneiro tradicional do Corgo. *Lvcensia*, n.º 65. 2022.
- 7- Nomear a terra no Corgo: a toponimia local vista por un filólogo. *Corga*, n.º 9. 2022.
- 8- Oficios tradicionais no Corgo: Toño do Carrizo, o último ferreiro. *Corga*, n.º 9. 2022.

Artigo extraído do número 65 da Revista

LVCENSIA

MISCELÁNEA DE CULTURA E INVESTIGACIÓN